

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****CONSELLERÍA DE TRABALLO**

Orde do 27 de xaneiro de 2006 pola que se dispón o nomeamento de membros do Consello Galego de Cooperativas.

O Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, desenvolve as previsións contidas na súa norma de creación, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, regulando no seu artigo 4 a composición, no artigo 5 o procedemento de nomeamento e cesamento dos membros deste órgano, e no artigo 6 as substitucións.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, o artigo 5 e a disposición derradeira 1ª do Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, en relación co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e os decretos 213/2005, do 3 de agosto e 536/2005, do 6 de outubro, que establecen o nomeamento como conselleiro de Traballo e a estrutura orgánica da consellería, respectivamente,

DISPOÑO:**Artigo único:**

1. O nomeamento do director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, Rogelio Conde-Pumpido Tourón, como vogal titular e o nomeamento do subdirector xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica de Galicia como vogal suplente, en representación do Consello Galego de Universidades.

2. O nomeamento do xefe do Servizo de Cooperativas e Economía Social, Manuel Ángel Pérez Losada, como secretario, e o do xefe de Sección do Rexistro de Cooperativas, José Abad Tizón, como suplente do secretario, por proposta da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma compe-

tencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, establece nos seus artigos 49, 53 e 57 b) que a Administración autonómica poderá establecer subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais para a promoción de actividades básicas ou innovadoras referentes a programas e servizos.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, é o órgano responsable da dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

De acordo coas directrices comunitarias definidas no Cumio Europeo de Niza, elaborouse o I Plan Galego de Inclusión Social, como un conxunto integrado de medidas dirixidas á inserción social e laboral que partindo do carácter multidimensional do fenómeno da pobreza e da exclusión, pon en marcha novas actuacións para promover a integración e autonomía das persoas e colectivos en situación ou risco de exclusión social. Estas actuacións están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e están incluídas no Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 no seu eixo 44: integración no mercado de traballo das persoas con especiais dificultades.

Un dos principios orientadores na execución desas medidas é o enfoque integrado e a implicación do tecido social, preténdese dar cabida dentro do plan ás entidades de iniciativa social, aos axentes sociais e entidades de carácter non governamental, aumentando a súa capacidade de acción para loitar contra a exclusión social, sendo esta orde un dos instrumentos para a súa participación.

A solicitude, tramitación e concesión das subvencións obxecto da presente orde axustarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia tendo en conta as posteriores modificacións, e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas que conceda a Administración autonómica atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia

da Igualdade e do Benestar para a debida aplicación dos créditos orzamentarios conforme o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social e ás sinaladas no artigo seguinte, para a realización de programas de incorporación sociolaboral que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 2º.-Entidades e organizacións solicitantes.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente orde as entidades de iniciativa social referidas no artigo 32.2º c) da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais: entidades de iniciativa social.

2. Ademais poderán presentar solicitude de subvencións as organizacións empresariais ou sindicais, os organismos paritarios de formación de ámbito sectorial e as organizacións representativas da economía social.

3. As anteriores entidades deberán estar inscritas, con anterioridade á data de presentación de solicitudes no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro, e pola Orde do 5 de febreiro de 1996, que desenvolve o anterior.

Artigo 3º.-Programas e actuacións subvencionables.

De acordo cos obxectivos establecidos no I Plan Galego de Inclusión Social e tendo en conta as actividades que financia o Fondo Social Europeo no marco dos obxectivos de desenvolvemento dos recursos humanos, esta orde subvencionará os seguintes programas e actuacións:

a) Actuacións que permitan a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos pre-laborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais (mellora das aptitudes básicas, desenvolvemento persoal, técnicas de busca de emprego, etc.).

b) Actuacións de formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social, que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.

c) Actuacións de información, orientación e asesoramento que possibiliten o acceso aos recursos sociais e ao mercado laboral.

d) Actuacións de acompañamento social que consistirán na posta á disposición dos usuarios de ser-

vizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento dos seus itinerarios de inserción sociolaboral.

Artigo 4º.-Gastos subvencionables.

1. Serán gastos subvencionables os establecidos nas normas sobre elixibilidade aplicables ás axudas financiadas con fondos comunitarios e, en particular, o disposto no Regulamento 448/2004, da comisión que modifica o Regulamento (CE) nº 1685/2000 da comisión do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1260/1999 do consello, no relativo ao financiamento de operacións financiadas polos fondos estruturais, e o Regulamento 1105/2003, do consello, do 26 de maio, que modifica o anterior no relativo ás disposicións xerais sobre os fondos estruturais, e en relación co artigo 3º desta orde considéranse subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos do persoal necesarios para a execución das actividades.

-Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, segundo a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais no convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, salvo que, pola aplicación directa doutros convenios colectivos do sector, correspondan contías superiores.

-As retribucións de persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, modalidade que terá sempre carácter excepcional, nos casos en que polas especiais características da actividade non resulte adecuado a realización polo persoal suxeito a normativa laboral vixente. Estas retribucións quedarán afectadas polas limitacións sinaladas no parágrafo anterior.

-As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos, sempre que non superen no seu conxunto o 4 por 100 do importe total do programa subvencionado.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade.

c) Os gastos xerais serán subvencionados a condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada por esta orde e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

d) A amortización dos instrumentos e equipos en proporción á súa utilización exclusiva para a actividade subvencionada.

e) O aluguer debidamente xustificado.

f) Os gastos dos usuarios participantes nas accións incluírán: axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións de participantes, seguros sociais dos alumnos en caso de actividades formativas. As bolsas terán unha contía máxima de 7 euros día/lectivo.

2. Os gastos subvencionados por esta orde deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que se adecuen aos obxectivos e contidos do programa de traballo subvencionado.

b) Que exista constancia documental da súa realización de xeito que se poidan verificar.

c) Que se realicen dentro do período de actuación establecido no artigo 7º.

3. As dúbidas ou controversias en relación coa elixibilidade dos gastos serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

Artigo 5º.-Selección de usuarios.

1. Serán beneficiarios dos programas ou actuacións subvencionadas os perceptores da renda de integración social de Galicia, mulleres con problemas de integración social e laboral, minorías étnicas, inmigrantes, persoas con discapacidade e en xeral as persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

2. A selección dos usuarios que poderán participar nas actuacións que se subvencionan con cargo a esta orde realizarase de acordo co seguinte:

a) Cando se trate de programas financiados na súa totalidade pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, as accións descritas no artigo 3º estarán destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social, acreditadas e derivadas polas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar en colaboración cos servizos sociais de atención primaria, ou ben directamente polos servizos sociais de atención primaria dos concellos que dispoñan de dispositivos de integración global para persoas desfavorecidas financiados ou cofinanciados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Cando a subvención concedida con cargo a esta orde cofinancie programas que dispoñen doutras achegas financeiras públicas ou privadas, os anteriores requisitos entenderanse referidos proporcionalmente ao número de usuarios que deba atender a entidade con cargo á subvención concedida.

Artigo 6º.-Financiamento.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para estes fins no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2006, polo importe de 566.224 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.212A.482.1.

A concesión das subvencións reguladas na presente orde limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias da Lei de orzamentos para o ano 2006.

Artigo 7º.-Prazo de execución das actividades.

Ao abeiro desta orde poderán subvencionarse actividades desenvolvidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2006.

Artigo 8º.-Solicitudes.

As solicitudes formularanse no modelo publicado como anexo I da presente orde. A devandita solicitude deberá ir acompañada ademais pola seguinte documentación:

a) Memoria da entidade segundo o modelo (anexo II).

b) Ficha da transferencia e a certificación bancaria da conta corrente na que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida segundo o modelo (anexo III).

c) Acreditación da personalidade e representación do solicitante.

d) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

e) Declaración das axudas ou subvencións obtidas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou de entes públicos nacionais ou estranxeiros, ou negativa, se é o caso.

f) Programa das actividades que se pretenden realizar (anexo IV). No programa deberanse concretar polo menos os seguintes puntos:

-Denominación de cada programa ou actuación.

-Descrición, fins e resumo do contido de cada programa ou actuación.

-Perfil dos destinatarios e número de usuarios previstos.

-Período de execución. Localización territorial.

-Metodoloxía e instrumentos que se van utilizar.

g) Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento (anexo V).

Artigo 9º.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do día seguinte da publicación desta orde.

Artigo 10º.-Lugar de presentación das solicitudes e documentación.

A solicitude e máis a documentación requirida presentaranse nos servizos periféricos ou servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sendo de aplicación en todo caso o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 11º.-Tramitación dos expedientes.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano encargado do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar emitirá unha certificación relativa das entidades inscritas e das que teñen solicitada a inscrición, para os efectos de comprobar o disposto no artigo 2.3º.

2. Os servizos centrais da Vicepresidencia comprobarán que as solicitudes cumpren co establecido na presente orde e, se é o caso, requirirán os interesados para que no prazo de dez días emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión de Valoración de Subvencións, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, segundo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

4. A composición da Comisión de Valoración de Subvencións será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Acción Social.

b) Vogais: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais e a xefa de Servizo de Inclusión Social. Ademais actuando como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do presidente.

5. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o presidente da Comisión de Valoración de Subvencións e, sempre que fose posible, o dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma subdirección ou servizo que o substituído.

Artigo 12º.-Criterios de valoración das subvencións.

O procedemento de valoración terá en conta os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos que se pretenden acadar, en función do contido técnico do programa, do número e perfil dos usuarios que se van atender, e especialmente aqueles relativos á inserción laboral prevista. Ata un máximo de 4 puntos.

b) Experiencia na realización de programas de inserción socio-laboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, reflectida na memoria da entidade (anexo II). Ata un máximo de 2 puntos.

c) Carácter innovador no ámbito da inclusión social das actuacións que se van desenvolver. Ata un máximo de 1 punto.

d) Programas integrais que inclúan dúas ou máis actuacións das sinaladas no artigo 3 desta orde. Ata un máximo de 2 puntos.

d) O cofinanciamento por parte da entidade solicitante no orzamento total do programa ou actuación. Ata un máximo de 1 punto.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

Artigo 13º.-Resolución.

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta polo vicepresidente da Igualdade e do Benestar.

2. Tanto a concesión como a determinación do importe das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva atendendo aos criterios de valoración establecidos nesta orde.

3. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaránselles aos interesados no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde. Se vencese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

4. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo da presente orde poñeránlle fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, sé é o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que consideren oportuno.

5. En todo caso, unha vez recibida a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo dun mes a aceptación da subvención.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións que conceda a Administración autonómica.

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e con carácter excepcional poderanse efectuar resolucións complementarias fóra do prazo establecido, cando non fose posible efectualas dentro del, por existir fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou doutro tipo de remanentes. Neste caso, salvo que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas ás consideradas para a resolución inicial.

3. Seralles de aplicación aos beneficiarios das subvencións recollidas na presente orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 79 do texto refundido da Lei 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, segundo redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como no procedemento previsto no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións que conceda a Administración autonómica.

Artigo 15º.-Obrigas das entidades subvencionadas.

1. As entidades que sexan subvencionadas deberán:

a) Acreditar a realización da actividade ou servizo que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións concedidos, a condición de subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Fondo Social Europeo.

c) Informar os alumnos de que as actuacións nas que participan están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia (Vicepresidencia da

Igualdade e do Benestar), así como dos obxectivos dos ditos fondos.

d) Comunicar a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública, de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos programas. A comunicación deberá efectuarse así que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos de seguimento de beneficiarios ás fórmulas que se é o caso propoña a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

f) Remitir, como mínimo con catro días de antelación, a data de inicio e remate da actividade, así como o horario, a planificación e o enderezo de realización dela.

g) Todas aquelas obrigas que se desprendan do articulado desta orde.

h) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2. As entidades que realicen actividades formativas ademais deberán:

a) Contratar un seguro de accidentes para os alumnos que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto ao lugar onde se impartan as prácticas, se é o caso.

b) Remitir ao remate da actividade unha ficha rexistro de actividades formativas.

Artigo 16º.-Pagamento e forma de xustificación das subvencións.

Respecto á forma de pagamento rexerá o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e o establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvenciónsm e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a continuación:

1. Poderán realizarse anticipos de pagamento de ata o 10%, sempre que se trate de entidades sen ánimo de lucro, logo de solicitude deste e presentación de certificación do director ou representante da entidade do inicio da actividade.

2. Poderán realizarse pagamentos parciais de ata o 80% da subvención concedida, a medida que o

beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente. Para facer efectivos estes pagamentos parciais, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Certificación asinada e selada polo representante da entidade na que se acredite a realización das actividades así como o seu importe.

b) Relación numerada de facturas con expresión do seu número, data, concepto e importe, acompañada das facturas orixinais que soporten o gasto certificado ou documento contable de valor probatorio equivalente. As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

c) Xunto co anterior, as entidades subvencionadas deberán presentar documentos xustificativos de ter realizados os pagamentos do gasto que se certifica.

3. O 20% restante farase efectivo, unha vez xustificada a aplicación da totalidade da subvención e presentada a documentación sinalada no punto anterior e a que se relaciona a continuación:

a) Balance de ingresos e gastos, referido ao custo total do programa, segundo o modelo proporcionado no anexo VI, asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflita que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención.

b) Memoria do programa ou actuacións desenvolvidas.

c) Declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas por esta orde.

4. A remisión da documentación referida no punto anterior, letras b) e c) considérase requisito previo para a concesión de subvencións nos exercicios seguintes.

5. De conformidade co establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, as asociacións e outras entidades de iniciativa social quedan exentas de acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración da comunidade autónoma.

Artigo 17º.-Reintegro das subvencións concedidas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

c) Incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das obrigas sinaladas na presente orde.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei 11/1992, de réxime económico e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 18º.-Control.

1. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as de control financeiro que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

2. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas ou Tribunal de Contas e o Tribunal de Contas Europeo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. Autorizar a inspección dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Para verificar o cumprimento do disposto na presente orde, a Dirección Xeral de Acción Social aplicará un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás actividades subvencionadas aprobadas, e emitirá un informe do progreso da acción e do seu grao de execución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Acción Social para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2006.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR

Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIOLABORAL DESTINADAS A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	CODIGO DO PROCEDEMENTO VP630A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE E DO REPRESENTANTE LEGAL

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	Nº DO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS
NOME DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
CARGO NA ENTIDADE SOLICITANTE			

PROGRAMA/ACTUACIÓN PARA A/S QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/ACTUACIÓN	TIPO DE PROGRAMA / ACTUACIÓN ⁽¹⁾	IMPORTE TOTAL GASTOS	IMPORTE SOLICITADO

(1) Clasificación do tipo de programa/actuación segundo o establecido no artigo 3º da presente orde.

DECLARO:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se xuntan se axustan á realidade.

_____, ____ de _____ de 200__
(Sinatura do/da representante legal da entidade solicitante)

LEXISLACIÓN

- Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.

ANEXO II

MEMORIA DA ENTIDADE

I.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome da entidade: _____				
Data de constituición legal: _____				
Área de actuación: _____				
Ámbito territorial: _____				
Número de socios na Comunidade Autónoma: _____				
Cota ou achega anual: _____				
Programas de inserción social e laboral desenvolvidos con colectivos en situacións ou risco de exclusión social desde o ano 2001:				
Denominación	Ano	Colectivo	Área	Número de beneficiarios/as
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
Se a entidade solicitante é unha federación ou confederación, cubrir os datos que a continuación se relacionan:				
<u>ASOCIACIÓNS OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS</u>				
NOME		CIF	DATA DE CONSTITUCIÓN	
_____		_____	_____	
_____		_____	_____	
_____		_____	_____	
II. FINALIDADE DA ENTIDADE				
III. CENTROS, SERVIZOS OU ACTIVIDADES QUE DEPENDAN DA ENTIDADE OU QUE ESTA PRESTE				
IV. MEDIOS MATERIAIS, RECURSOS HUMANOS E FONDOS DE FINANCIAMENTO				
V. OUTROS DATOS				

ANEXO III

FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA			DNI/CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TIPO DE PERCEPTOR/A <input type="checkbox"/>	
NOME DO BANCO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
_____	□ □ □ □	□ □ □ □	□ □	□ □ □ □ □ □ □ □ □ □

Certifico:	
Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e o número de conta.	
_____ de _____ de 200__	_____ de 200__
Sinatura do solicitante	Sinatura e selo da entidade financeira

7. ACCIÓNS INCLUÍDAS NO PROGRAMA E CALENDARIO PREVISTO

<i>ACCIÓNS</i>	<i>DATA INICIO</i>	<i>DATA REMATE</i>	<i>LOCALIZACIÓN TERRITORIAL</i>

8. METODOLOXÍA E MEDIOS QUE SE VAN UTILIZAR

METODOLOXÍA

RECURSOS HUMANOS

RECURSOS MATERIAIS

NO CASO DE TER PREVISTO A SUBCONTRATACIÓN DALGUNHA DAS ACTIVIDADES XUSTIFIQUE O MOTIVO DELA

9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROGRAMA

OBXECTIVOS CONCRETOS

INDICADORES

RESULTADOS ESPERADOS

ANEXO V

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE (1)

<p>INGRESOS PREVIOS</p> <p>De organismos públicos: (detallar organismos e conceptos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - do Estado - da Comunidade Autónoma - doutras comunidades autónomas - das deputacións - dos concellos <p>De institucións privadas: (detallar institucións e concepto)</p> <p>Doazóns: Propios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - por venda de produtos - por cotas de socios - por ingresos derivados de actividades de recadación - por cobramento de servizos - por achegas da asociación ou institución da que dependa <p style="text-align: right;">INGRESOS TOTAIS</p>		<p>GASTOS PREVISTOS</p> <p>Persoal - retribucións básicas e complementarias - cotas da Seguridade Social</p> <p>Material - material de oficina non inventariable - prensa, revistas e publicacións periódicas - material funxible e específico - libros - fotocopias e reprografía - outros</p> <p>Xerais - subministracións - tributos locais, autonómicos e estatais - outros gastos (especificar)</p> <p style="text-align: right;">GASTOS TOTAIS</p>	
SUPERÁVIT		DÉFICIT	

(1) Exclúense os gastos de equipamento e outros que poidan ter o carácter de investimento

ANEXO VI

D. / Dna. _____, con DNI _____
como _____ da entidade _____

CERTIFICA: que os datos consignados neste balance son certos e que na contabilidade da institución constan os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para calquera comprobación que se queira efectuar.

BALANCE DE INGRESOS E GASTOS

<p>INGRESOS</p> <p>De organismos públicos: (detallar organismos e conceptos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - do Estado - da Comunidade Autónoma - doutras comunidades autónomas - das deputacións - dos concellos <p>De institucións privadas: (detallar institución e concepto)</p> <p>Doazóns: Propios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - por venda de produtos - por cotas de socios - por ingresos derivados de actividades de recadación - por cobramento de servizos - por achegas da asociación ou institución da que dependa <p style="text-align: right;">INGRESOS TOTAIS</p>		<p>GASTOS</p> <p>Persoal - retribucións básicas e complementarias - cotas da Seguridade Social</p> <p>Material - material de oficina non inventariable - prensa, revistas e publicacións periódicas - material funxible e específico - libros - fotocopias e reprografía - outros</p> <p>Xerais - subministracións - tributos locais, autonómicos e estatais - outros gastos (especificar)</p> <p style="text-align: right;">GASTOS TOTAIS</p>	
SUPERÁVIT		DÉFICIT	

_____, de _____ de 200 ____
(Sinatura do/a representante legal da entidade solicitante)